

JSON cos niveis horarios de calidade do aire

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentado polo arquivo en formato JSON para os niveis horarios de calidade do aire coa url:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/listaEstacionsCA.action>.

Por defecto, este JSON permite coñecer os niveis horarios de calidade do aire para o día actual, a última hora dispoñible e en idioma galego. Variando os parámetros de petición pódense realizar outras consultas (ver apartado 3).

Para ver máis información sobre a información de calidade do aire consulte a páxina web:

<http://www.meteogalicia.es/Caire/index.action>

1 Introdución formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estructura del archivo JSON

Este arquivo está formado por un par nome/valor cuxo nome é “datosZona”. O valor está formado por unha lista de obxectos. Cada obxecto corresponde cunha zona de calidade do aire. As zonas de calidade do aire son as seguintes:

idZona	Nombre
1	A Coruña
2	Ourense
3	Ferrol
4	Lugo
5	Pontevedra
6	Ponteareas
7	Vigo
8	Santiago de Compostela
11	Laza

Cada obxecto zona contén os seguintes pares nome/valor:

fecha: data do índice de calidade do aire

hora: hora do índice

idZona: identificador da zona

lat: latitude representativa da zona

lon: lonxitude representativa da zona

textoValor: texto asignado ao valor do ICA para a zona.

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



valor: valor do ICA para a zona

zona: nome da zona

icas: compoñente parcial do cálculo da calidade do aire. Hai un por cada estación, contaminante e horario indicado na instrución técnica do cálculo do ICA. Cada obxecto deste elemento está composto polos seguintes pares nome/valor:

calculo: Tipo de cálculo horario usado.

estacion: Estación usada para a realización do cálculo.

fecha: Data do cálculo.

hora: Hora do cálculo.

parametro: Parámetro para o que se fai o cálculo parcial.

textoValor: Nome do ICA parcial.

valor: Valor do ICA parcial.

Os identificadores e nomes dos índices de calidade do aire son:

Nome do Valor	Valor del ICA
Boa	0
Admisible	1
Mala	2
Moi Mala	3
Sen datos	-1

Los parámetros empleados son:

Parámetro	Significado
SO ₂	Dióxido de azufre
CO	Monóxido de carbono
NO	Monóxido de nitróxeno
NO ₂	Dióxido de nitróxeno
PM ₁₀	Partículas menores de 10 μ
O ₃	Ozono

3 Parámetros de consulta

A este JSON pódenselle pasar os seguintes parámetros:

- Para o **idioma:** O parámetro é *request_locale* e pode ter os seguintes valores:

request_locale=es → para o idioma castelán.

request_locale=gl → para o idioma galego.

- Para a **zona de ICA:** O parámetro é *idZona*, un identificador numérico e único para cada zona. Ó indicar unha zona automaticamente se amosan os datos das derradeiras 24 horas desa zona.
- Para a **data** da consulta: O parámetro *data* é unha cadea de texto seguindo o formato dd/mm/aaaa. Se non se indica este parámetro por defecto collerá a data actual.



- Para a **hora** da consulta: O parámetro *hora* é un valor numérico entre 0 e 23. Se non se indica collerá a hora actual.

Todos estes parámetros non son obrigatorios. No caso de non incluílos mostrarase un resultado cos seguintes valores por defecto:

- Para o idioma o valor por defecto é o galego
- Os datos de todas as zonas de calidade do aire
- O día actual
- A hora actual
- No caso de non indicar o identificador da zona, aparecerán todas as de Galicia.